

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2011.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas e corenta minutos do día catorce de febreiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

aberta a sesión.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 17 de xaneiro de 2011.

Por Secretaría dáse conta do erro material no punto D.7) relativo á aprobación de transferencias a particulares de importe compensación de luces públicas conectadas a contadores, figurando como suma total 3.320€, e debendo figurar 3.240€.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta de 17 de xaneiro de 2011, coa devandita rectificación.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. ANTONIO FERNÁNDEZ PERNAS RELATIVO A CAMBIO DE VENTANALES E REPARACIÓN INTERIOR DE NAVE ALMACÉN EN TOIMIL N° 18.-XUANCES. -XOVE

Vista solicitude formulada por D. Antonio Fernández Pernas con D.N.I nº: 76. 545.546-M con domicilio en Tuimil nº 18 (27877 Xuances), para realización de obras de cambio de ventanales e reparación interior de nave almacén en Tuimil nº 18.-Xuances. -Xove, Polígono 13.-Parcela 733.- Expediente: 399/11.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non urbanizable de núcleo rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de a Vara. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Artigo 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento. Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nos parámetros urbanísticos da parcela, e asemade, non existe discrepancia entre a normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las nn.ss como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a edificación que se pretende remozar, ubicase en ámbolos dous casos dentro de solo de núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptarse á tipoloxía do ámbito.*

CONCELLO DE XOVE

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de conservación e mantemento, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.*
 - *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*
 - *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
 - *Previo ao inicio das obras solicitácese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*
 - ***Ó estar as obras lindando con unha carretera da Diputación Provincial, deberase solicitar a mesma o pertinente permiso con independencia da licenza municipal.***
 - *De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 2.000,00€. salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 40,00€.-
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. MANUEL ABAD PENA RELATIVO A CAMBIO DE VENTANALES E VERTEAUGAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Abad Pena con D.N.I nº: 76.545.483-B con domicilio en Lagar, 1(27878 Sumoas), para realización de obras de cambio de ventanales e de verteaugas en vivenda unifamiliar sita en Lagar nº 1.-Sumoas. -Xove.-

Referencia Catastral: F00700100PJ23G0001IO.- Expediente: 400/11

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala quede acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non urbanizable de núcleo rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo Rural de Sumoas. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da lei 9/2002, de 30 de decembro, e no artigo 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento. Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nos parámetros urbanísticos da parcela, toda vez que hai discrepancia entre ambas normativas, ao

CONCELLO DE XOVE

estar no futuro planeamento esta edificación se ubicaría en solo rústico, e que estas obras son de conservación e mantemento pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptárase á tipoloxía do ámbito.*
- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de conservación e mantemento, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.*
- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*
- *De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.000,00€, salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 60,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. ANTONIO FERNANDEZ LAGE, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR COMO USO DE ALMACÉN PARA GARDAR APEROS DE LABRANZA EN SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Antonio Fernández Lage, con D.N.I nº: 76.557.088-R con domicilio en Cabo, S/N (27878 Sumoas), para realización de obras de construción dunha edificación auxiliar como uso de almacén para gardar aperos de labranza en Cabo s/n.- Sumoas.-Xove.- Polígono nº 24.-Parcela 880.- Referencia Catastral:27025A024008800000JQ Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, e o proxecto polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo Rural de O Cabo- Sumoas.

CONCELLO DE XOVE

2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento. Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, pódese outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado e cos condicionantes que se especifican no presente informe. construción de edificación auxiliar para gardar aperos de labranza. as obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei. Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 6.3.Condicións de edificación, xustifícase o cumprimento da normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Bloque de formigón branco ou pintado.*
- *Cuberta de lousa.*
- *Carpintería exterior de aluminio ou madeira.*
- *Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 3 metros.*
- *Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.*
- *Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como do vial.*
- *Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente acta de reformulo.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 26.174,31€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 523,49€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos.para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

CONCELLO DE XOVE

B.4) SOLICITUDE DE CARFERLO S.L., RELATIVO A CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA PARA ACTIVIDADE E EDIFICACIÓN PARA PLANTA DE FORMIGÓN ASFÁLTICO TITULARIDADE DE CONSTRUCCIONES Y TRANSPORTES PAULINO GONZÁLEZ S.L.

Vista solicitude formulada por Carferlo S.L. con CIF. B-27.227.388 con domicilio en Poligono Industrial de Camba, parcelas 56 e 57(27877 Xuances),os efectos de cambio de titularidade da licenza definitiva de apertura da planta de formigón asfáltico, sita no Alto do Cruceiro-Xuances,titular actualmente de Construcciones Paulino González, para que figure como titular da mesma Carferlo S.L.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que :

- *De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza definitiva para a actividade planta de formigón asfáltico semi-móvil modelo RM-120, e personado e o Técnico que suscribe na planta arriba descrita, puido constatar que as instalacións cuio cambio de titularidade se pretende, continuará coa mesma actividade, para a que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal, a favor de Construccions y Transportes Paulino González S.L como apertura de actividade e edificación de planta de aglomerado asfáltico móbil, en sesión de 31 de outubro de 2.003.*
- *Informase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita, a favor da empresa CARFERLO S.L. para esta actividade, nas mesmas condicións que a licenza outorgada no seu día e coa obrigatoriedade de dar o cumprimento ás normativas en vigor.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de actividade y edificación para planta de formigón asfáltico titularidade de Construcciones y Transportes Paulino González S.L. sita en Camba-Xuances para que sexa substituído como titular Carferlo S.L. previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.5)SOLICITUDE DE D. GABRIEL BAÑO FERNÁNDEZ, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA SITA NO PORTAL B DE AVDA. DIPUTACIÓN Nº 34-1ª (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Gabriel Baño Fernández con D.N.I. nº76.563.462-G con domicilio en Avda. Diputación, 36 (27870 Xove) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Avda. Diputación Nº 34-1ª portal b.-Xove.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- *Solicitude de primeira utilización dunha vivenda en edificio plurifamiliar.- Vivenda primeira do Nº 34-Portal B*
- *Solicitante: Gabriel Baño Fernández.-*
- *Edificación: Sotano Baixo E 24 Vivendas En Dous Portais.*
- *Situación: Avda. Diputación Nº 34-Xove*
- *DATA LICENZA: INICIAL: 07-08-1997.-*
- *Obra prevista en proxecto: Soto, planta baixa locais comerciais e 24 vivendas repartidas en dous portais, A e B de 4 vivendas no portal B, designadas coas letras E e F, e as 20 restantes no portal A, designadas coas letras A, B, C, e D. -*
- *Obra executada: Totalidade do volume previsto. Soto, Planta baixa e as 20 vivendas correspondentes ao portal A. Atópanse pendentes de execución as vivendas tipo E e F da primeira e 2ª planta do portal B.*

INFORMA:

CONCELLO DE XOVE

1º. -Que o volume, da obra solicitada e aprobada, concorda na súa totalidade coa obra executada, estando pendente de realización o Portal B, con catro vivendas, das que a vivenda de 1ª planta deste portal, se atopa na actualidade executada, de acordo coa documentación que se achega subscrita polo técnico director das devanditas obras.

2º. -Na actualidade os servizos comúns do portal B atópanse totalmente executados, e de acordo co informe emitido polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, a vivenda da primeira planta letra deste portal atópase totalmente executada e cumpre cos requisitos de HABILIDADE descritos no R.D 29/2010 do 4 de Marzo, de Normas de Habitabilidade das vivendas de Galicia, polo que procede a concesión de vivenda.

Vivenda primeira. - portal B do N° 34 de Diputación. -A Avda. Diputación. -Xove.

- Presuposto: 29.735,00€.-
- Valoración licenza Primeira Utilización 0,5% s/p 148,68€.-

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda primeira sita en Avda. Diputación N° 34-1ªA (Portal B.-Xove) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 148,68€.-

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.6) SOLICITUDE DE D. JORGE MANCHADO RIVERO RELATIVO A REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN CAMBA-XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Jorge Manchado Rivero con D.N.I nº: 77.596.290-V con domicilio en c/Galdín, 3 3º B (27890 San Ciprian), para realización de obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Camba, 19 -Xuances.-Xove. Expediente: 4569/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto Don Álvaro J. López Aenlle sitúase dentro da área delimitada como Solo Non urbanizable de Núcleo rural. Artículo 103. -Capítulo III.- Normas subsidiarias do Concello de Xove. -Camba.-Xuances.-Xove. -Solo de Núcleos rurais. -Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro. Achégase en proxecto plano de emprazamento coa referencia correspondente asinado polo técnico autor do proxecto, coa identificación da parcela, así coma a zoa de parcela que se encontra dentro da delimitación de núcleo rural que e edificable, coa as dimensións superiores aos 600m². Así mesmo, en proxecto, xustifícase, no Apartado da Memoria urbanística. -Datos comparados, así como no plano de localización N° P1 a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística. Acompáñase ficha xustificativa no apartado 4.1 da memoria do proxecto, no que se xustifica o cumprimento do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia, publicado no D.O.G do Xoves 18 de marzo do 2010. A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

CONCELLO DE XOVE

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As condicións de edificación adaptaranse ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *Só se permite unha vivenda unifamiliar por parcela. Nin vivendas pegadas, nin pareadas.*
- *A Cuberta deberá ser de pizarra.*
- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a: Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SE).*
- *No proxecto de execución presentado xustificar o cumprimento do código técnico no referente aos apartados de: Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización.(DB- SUA1). Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HEI).*
- *En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral municipal e previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir o cumprimento do previsto no artigo 29.g da lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro, sobre a esixencia de ter resoltos os servizos básicos da edificación.*
- *Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos: Promotor das obras, construtor. Nº de expediente de licenza. Data de inicio e finalización das obras. Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico. Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co artigo 195.6 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a Normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras Administracións.*
- *Os retranqueos a vial, axustáanse ao previsto no Título V: Normas de Ordenación dos sistemas, Artigo 84 do Capítulo I. Sistema viario, das Normas Subsidiarias en vigor do Concello de Xove.*

Viais municipais: Liña da edificación..... 10,00 metros a o eixe da vía. Liña do cerre da finca.....5,00 metros a o eixe. (sempre que a distancia sexa maior de 1,50 metros).

- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.*
- *A posible instalación de grúa para a execución das obras deberá dispoñer de licenza de obra independente, coa achega documental correspondente.*
- *Previo ao inicio das obras achegarse o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o*

CONCELLO DE XOVE

promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

- *Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, deberanse reflectir as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio publico, e que quedará reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor.*
- *Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2.008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.*
- *Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela, toda vez que en ámbolos dous casos a parcela e edificación existente, ubícase na área de Solo de núcleo rural tradicional polo que ao amparo do disposto no Artigo 103.2 de la Lei 9/2002enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita.*
- *Infórmase favorablemente o proxecto presentado.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 34.800,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 696,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.7) SOLICITUDE DE D^a INES RAMOS CASAS E D. JOSÉ IGNACIO LAMELAS ALONSO PARA CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO.-XOVE

Vista solicitude de D^a Ines Ramos Casas con DNI.-34.637.114-B e D. José Ignacio Lamelas Alonso con DNI:33.997.446-L, con domicilio en Barreiro, 6 (27878 Morás) de cambio de titularidade de licenza de obra para a construción de vivenda sita en Portocelo, que na actualidade figura a nome de COCRES S.L. con CIF.-B27184399 para que figure como novos titulares D^a Ines Ramos Casas e D. José Ignacio Lamelas Alonso.

Visto o informe do Arquitecto Técnico municipal que sinala o seguinte:

- **ASUNTO: CAMBIO DE TITULARIDAD DE LICENZA DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR. –**
- **TITULAR ACTUAL: COCRES S.L.-CIF.-B27184399**
- **NOVOS TITULARES:D^a INES RAMOS CASAS.-DNI.-34.637.114B e D. JOSE IGNACIO LAMELAS ALONSO.-33.997.446L**
- **SOLICITANTES: D^a INES RAMOS CASAS.-DNI.-34.637.114B**
- **D.JOSE IGNACIO LAMELAS ALONSO.-33.997.446L**
- **EXPEDIENTE:548/11**
- **SITUACION: PORTOCELO.-XOVE**

CONCELLO DE XOVE

Á vista da documentación achegada polos solicitantes e de acordo cos datos obrantes nos arquivos municipais, faise constar;

1º. -En data 07 de maio do ano 2008 concedeuse licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Portocelo, de acordo co proxecto aportado, suscrito polo arquitecto D. Manuel Prieto Martínez, e cúa promotora era inicialmente Dona Modesta Cociña Domínguez.

2º.-Na sesión do 18 de agosto do ano 2009, pola Xunta de Goberno Local deste Concello, adoptouse entre outros o acordo de cambio de titularidade deste licenza a favor da empresa COCRES S.L.

3º. -Infórmase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita, a favor de los solicitantes, quedando invariable as condicións da licenza de obra outorgada no seu día e o cambio de titularidade posterior.

Visto así mesmo que con fecha 7 de maio de 2008 expediuse a licenza municipal de obra para a construción desta vivenda (Expediente 1469/08).

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra desta vivenda unifamiliar sita en Portocelo para que sexa substituído como titulares, Dª Ines Ramos Casas con DNI.-34.637.114-B e D. José Ignacio Lamelas Alonso con DNI:33.997.446-L.

2º Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.8) SOLICITUDE DE R. CABLE E TELECOMUNICACIONES, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA A OBRA DE “DESPLIEGUE RED DE CABLE NO CONCELLO DE XOVE PARA CANALIZAR A ESTRADA LU-862.-XOVE-PK 95,235 Ó 96,030.” REFERENCIA .-1274/09

Vista solicitude formulada por D. Julio Sánchez Agrelo con DNI.-76353740L en representación de R. Cable e Telecomunicaciones con CIF.-A-15474281 con domicilio en Rúa Real, 85 (15003 A Coruña) de prórroga de licenza para a obra de despliegue red de cable Concello de Xove para canalizar a estrada LU-862.-Xove-Pk 95,235 ó 96,030. Ref.-1274/09.- Situación: Termo municipal de Xove. Estrada LU-862.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do artigo nº41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.
- Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.
- Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras deberán dispoñer do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.
- Na actualidade, non variaron as circunstancias urbanísticas aplicables a área na que se van a realizar os traballos, po lo que ao amparo do estipulado no artigo 197.2 da L.O.U.G.A infórmase favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización destes traballos, nas mesmas condicións aplicadas a licenza otorgada no seu día.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

CONCELLO DE XOVE

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior a 1 ano, para o remate das obras.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.9) SOLICITUDE DE R. CABLE E TELECOMUNICACIONES. RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA DE OBRA PARA DESPREGUE DA REDE DE CABLE NA ESTRADA DE ACCESO A URB. PALMEIRO E RIGUEIRA NO CONCELLO DE XOVE. REF.-1271/09

Vista solicitude formulada por D. Julio Sánchez Agrelo con DNI.-76353740L en representación de: R. Cable e Telecomunicaciones, con domicilio en Rúa Real, 85 (15003 A Coruña), para realización de obras de despregue da rede de cable na estrada de acceso a Urb. Palmeiro e Rigueira no Concello de Xove, 13-07-2009.- Ref.-1271/09.- Termo Municipal de Xove. Estrada LU-862. REF.-1271/09

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do artigo nº41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.*
- *Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.*
- *Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.*
- *As obras deberán dispoñer do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.*
- *Na actualidade, non variaron as circunstancias urbanísticas aplicables a área na que se van a realizar os traballos, polo que ao amparo do estipulado no artigo 197.2 da L.O.U.G.A informase favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización destes traballos, nas mesmas condicións aplicadas a licenza otorgada no seu día.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior a 1 ano, para o remate das obras.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.10) SOLICITUDE DE R. CABLE E TELECOMUNICACIONES, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA “DESPLIEGUE RED DE CABLE CONCELLO DE XOVE PARA CANALIZAR A ESTRADA LU-862.-XOVE-PK 87,770 Ó 99,540.”- REF.-1272/09

Vista solicitude formulada por D. Julio Sánchez Agrelo con DNI.-76353740L en representación de: R. Cable e Telecomunicaciones CIF.-A-15474281 con domicilio en Rúa Real, 85 (15003 A Coruña) para prórroga de licenza de obras de despliegue red de cable concello de Xove para canalizar a estrada Lu-862.-Xove-Pk 87,770 ó 99,540.- Estrada LU-862.- Ref.-1272/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do artigo nº41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.*

CONCELLO DE XOVE

- *Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.*
- *Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.*
- *As obras deberán dispoñer do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.*
- *Na actualidade, non variaron as circunstancias urbanísticas aplicables a área na que se van a realizar os traballos, po lo que ao amparo do estipulado no artigo 197.2 da L.O.U.G.A informase favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización destes traballos. Nas mesmas condicións aplicadas a licenza outorgada no seu día.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior a 1 ano, para a mesma.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.11) SOLICITUDE DE D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO CON DNI.-76353740L EN REPRESENTACIÓN DE R. CABLE E TELECOMUNICACIONES, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA “CANALIZACIÓN E DESPREGAMENTO DE REDE DE CABLE PARA TELEFONO, INTERNET E TELEVISIÓN NA AVDA. DIPUTACIÓN DE XOVE.” REF.-467/08.

Vista solicitude formulada por D. Julio Sánchez Agrelo con DNI.-76353740L en representación de: R. Cable e Telecomunicaciones, con domicilio en Rúa Real, 85 (15003 A Coruña) para realización de obras de canalización e despregamento de rede de cable para telefono, internet e televisión na Avda. Diputación de Xove.” Ref.-467/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do articulo nº41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.*
- *Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.*
- *Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.*
- *As obras deberán dispoñer do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.*
- *Na actualidade, non variaron as circunstancias urbanísticas aplicables a área na que se van a realizar os traballos, po lo que ao amparo do estipulado no artigo 197.2 da L.O.U.G.A informase favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización destes traballos, nas mesmas condicións aplicadas a licenza outorgada no seu día.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

CONCELLO DE XOVE

B.12) SOLICITUDE DE D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO EN REPRESENTACIÓN DE R. CABLE E TELECOMUNICACIONES, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA DE OBRA DE “COLOCACIÓN DE CABINAS NODO NA URBANIZACIÓN PALMEIRO E NA RÚA TOMAS MARIÑO PARDO.” REF.-1757/09.

Vista solicitude formulada por D. Julio Sancho Agrelo con DNI.-76353740L en representación de: R. Cable e Telecomunicaciones, con CIF.-A-15474281, para prorroga de licenza de obras de colocación de cabinas nodo na Urbanización Palmeiro e na Rúa Tomas Mariño Pardo. Ref.-1757/09

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do artigo nº41 da Lei 9/2002, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.*
- *Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.*
- *Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.*
- *As obras deberán dispoñer do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.*
- *Na actualidade, non variaron as circunstancias urbanísticas aplicables a área na que se van a realizar os traballos, polo que ao amparo do estipulado no Artigo 197.2 da L.O.U.G.A informase favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización destes traballos. Nas mesmas condicións aplicadas a licenza outorgada no seu día.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.13) SOLICITUDE DE AGUAVERDE XOVE, S.L. RELATIVO A LICENZA DEFINITIVA PARA APERTURA ACTIVIDADE INOCUA DE ESTABLECEMENTO COMO NAVE ALMACÉN DE EMBARCACIONES NA PARCELA Nº 21.- DO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA.-XOVE

Vista solicitude formulada por D. Marcus Walter Ivo Hendrik, en representación da empresa Aguaverde Xove, S.L. CIF.-B27362227 con domicilio en Polígono Industrial de Camba, parcela 2 (27877 Xuances-Xove) para licenza de apertura de nave como almacén de embarcacións no Parque Empresarial de Camba, Parcela 21 (Xuances).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que da inspección realizada por este técnico, púidose constatar que o local e as instalacións cuia apertura se solicita, atopase executado na súa totalidade, e adaptase á vixente Normativa urbanística, de acordo co proxecto correspondente, de habilitación desta nave como almacén de embarcacións. Este local dispón de preceptiva Licenza de Primeira utilización otorgada a anterior empresa promotora, Indumet Sistemas Constructivos S.L, en Xunta de goberno Local de 10 de marzo de 2.008. Este local e instalacións cumpren coas Normativas correspondentes, así como co vixente DB-SI de protección contra o lume e asemade as obrigadas condicións de Seguridade, podéndose outorgar a correspondente licenza de apertura para este local e a súa actividade correspondente.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2

CONCELLO DE XOVE

de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las tasas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.14) SOLICITUDE DE CARFERLO, S.L. PARA LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ESTABLECEMENTO COMO NAVE ALMACÉN E OFICINAS PARA EMPRESA DE CONSTRUCCIÓN. PARCELAS Nº 56-57-PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA.-XOVE

Visto o expediente tramitado a instancia de D.Carlos Fernández López, con DNI.-33.319.855P en representación de la empresa CARFERLO, S.L. CIF.-B27227388 con domicilio en La Veiga, 1 1 (27850 Magazos Viveiro) que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a establecemento como nave almacén e oficinas para empresa de construción sito nas parcelas Nº 56-57 do Parque Empresarial de Camba.-Xove.- Expediente: 524/11.

Licencia de Apertura: Habilitación dunha nave como almacén e oficinas de empresa de construción.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala que da inspección realizada por este técnico, púidose constatar que o local e as instalacións coia apertura se solicita, atópase executado na súa totalidade, e adaptase á vixente Normativa urbanística, de acordo co proxecto correspondente, de habilitación desta nave como ALMACEN Y DE OFICINAS.

Este local e instalacións cumpren coas Normativas correspondentes, así como co vixente DB-SI de protección contra o lume e asemade as obrigadas condicións de Seguridade, podéndose outorgar a correspondente LICENZA DE APERTURA para este local e a súa actividade correspondente.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las tasas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO-DECEMBRO 2010.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédeuse á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de outubro-novembro e decembro de 2010 por importe de 449,49€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1)AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VAZQUEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte), por morte de un xato por importe de 200,00€.

CONCELLO DE XOVE

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma S.C. con CIF: J-27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira) por morte de un xato por importe de 400,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^a M^a CARMEN SÁNCHEZ LABAYÉN.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a M^a Carmen Sánchez Labayén con D.N.I. nº 76.545.519-R, con domicilio en San Cristobo, 22 (27877 Portocelo) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.4) ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO POR CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY S.L. PARA AS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS DA CALLE DE ACCESO Ó APEADERO NO NÚCLEO URBANO DE XOVE.”

